

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE LUGO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO ANTEPROXECTO DO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE DO BARRIO DA RESIDENCIA..

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou co concello de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día da súa sinatura e estará vixente ata o estrito cumprimento de todos os seus termos, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar os 4 anos.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:
 - establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a redacción e execución do Proxecto do Centro Integral de Saúde do Barrio da Residencia, que fixe as determinacións e posibilite a reforma do antigo Hospital Materno Infantil de Lugo en Centro de Saúde Mental, Centro de Saúde, PAC e Base do 061, así como para a dotación de infraestruturas e servizos necesarios ou convenientes para o seu óptimo funcionamento.
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.
4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
 - Na necesidade de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, cómpre acometer unha reforma do antigo Hospital Materno Infantil de Lugo, que implicará a reconversión deste

nun Centro Integral de Saúde, que incluírá un Centro de Saúde Mental, un Centro de Saúde, un Punto de Atención Continuada e a Base do 061.

- Para iso, as partes asinantes consideran que este convenio resulta esencial para que cada unha delas asuma as obrigas necesarias de cara a posta en marcha dun proxecto que revitalice esta zona urbana, e semella razoable que o executado debe cumprir cos requisitos tanto da Administración sanitaria como da Administración municipal, conxugando as necesidades asistenciais co ordenamento urbanístico e de infraestruturas da cidade.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

